



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL
DO 13.03.2020**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 13.03.2020

HORA DE COMEZO: 13:10 h.

HORA DE REMATE: 14:15 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger

D. Javier Garrido Valenzuela

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

D^a Natalia Zunzunegui Garrido

NON ASISTEN

D^a Marta Iglesias Bueno

D. Xulio Calviño Rodríguez

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O venres día 13 de marzo de 2020, ás 13:10 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (05.11.2019).
2. Informe do presidente.
3. Avaliación do informe sobre o nivel de transparencia da UVigo e a contribución do Consello Social. Comparecencia do coordinador da Unidade de Análisis e Programas da UVigo.
4. Informe que proceda sobre doazóns bibliográficas á UVigo rexistradas durante 2019.
5. Corrección e actualización da modificación das taxas do I Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar".
6. Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
 - V Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"
 - V Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"
 - VI Curso de formación en "Programación Java"
 - VII Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"
 - IX Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R""
 - XVII Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
7. Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
 - I Curso de especialista en "Termalismo e Spa"
 - II Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar"
 - II Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"
 - I Curso de formación en "Desarrollador de Bases de datos Oracle"
 - III Curso de formación en "Advanced Trading"
8. Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:
 - a) Con aprobación previa do Presidente:
 - II Curso de especialista en "Biomateriais e tecnoloxías biomédicas"
 - I Curso de formación en "Data Mining con "R""
 - II Curso de formación en "Mestría en compostaxe"
 - IV Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"
 - VI Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"
 - VI Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"
 - VIII Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R""
 - XV Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
 - II Curso complementario en "Robots colaborativos "universal robots": fundamentos de programación, configuración e xestión dos sistemas de seguridade"
 - II Curso de formación en "Advanced Trading"
 - IV Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"
 - II Curso de formación en "Actualización en literatura española (ALITES 2019). Don Juan Tenorio, de José Zorrilla"
 - XVII Curso de formación en "Introdución á bolsa"
 - I Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"
 - I Curso de formación en "Deseño e fabricación con Catia V5"
 - I Curso de formación en "Mediación Civil e Mercantil (Lei 5/2012)"
 - VI Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
 - IX Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"
 - XVI Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"



- b) Sen aprobación previa do Presidente:
- I Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar"
 - VII Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"
 - II Curso de formación en "Iniciación a Catia V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
9. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial, para a organización do "Patrón industrial 2020".
10. Rogos e preguntas.
-

O presidente agradece a asistencia dos presentes, e de xeito especial a David Basalo, coordinador da Unidade de Análises e Programas da UVigo, que asiste como convidado para informar en relación ao punto 3 da Orde do Día.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (05.11.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Ernesto Pedrosa xustifica a introdución na Orde do Día do punto relativo á Transparencia, e engade que estase á espera de coñecer e avaliar novos datos –entre outros, sobre abandono e satisfacción coas titulacións- que serán presentados en próximas reunións.

PUNTO 3

Avaliación do informe sobre o nivel de transparencia da UVigo e a contribución do Consello Social. Comparecencia do coordinador da Unidade de Análisis e Programas da UVigo.

Previa contextualización do secretario que informa dos últimos datos dos rankings de Transparencia das universidades españolas e da aportación que se pode facer dende o Consello Social para mellorar esas posicións, o coordinador da Unidade de Análises e Programas da UVigo, David Basalo, explicou ante a Comisión o contexto, a situación e a casuística na que se atopa a Universidade de Vigo ao respecto, a obriga e as razóns e posibilidades para chegar á maior transparencia posible, e como pode contribuír o Consello Social a que a institución universitaria mellore a súa posición. Rematada a presentación ábrese unha rolda de intervencións, consultas e reflexións sobre a importancia de que a cidadanía confíe na universidade, a importancia de aliñarse cos principios do goberno aberto, e a conveniencia de que o Consello Social interveña nalgunha fase do Plan de responsabilidade social da UVigo.

O presidente agradece a presenza de David Basalo, que abandona a sesión, momento no que tamén se ausenta o reitor.



PUNTO 4

Informe que proceda sobre doazóns bibliográficas á UVigo rexistradas durante 2019.

Dáse lectura á resposta remitida polo director da Biblioteca universitaria, informando que ao longo de 2019 non se recibiu ningunha doazón.

- ***A Comisión dáse por decatada.***

PUNTO 5

Corrección e actualización da modificación das taxas do I Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar".

Explica o presidente que non concordan as taxas aprobadas por esta Comisión, o 30 de novembro de 2018, e as finalmente aplicadas pola dirección do curso (pasaron de 750 € a 475 €). Vense as aclaracións e xustificacións presentadas pola Xefa da Sección de Máster, co obxectivo de autorizar a modificación e posibilitar xa que logo, o correspondente informe sobre a Memoria final desta edición (punto 8.b) e a autorización da seguinte edición (punto 7).

- ***A Comisión dá a súa aprobación.***

PUNTOS 6 E 7

Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:

- *V Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"*
- *V Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"*
- *VI Curso de formación en "Programación Java"*
- *VII Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"*
- *IX Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R""*
- *XVII Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"*

Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:

- *I Curso de especialista en "Termalismo e Spa"*
- *II Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar"*
- *II Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"*
- *I Curso de formación en "Desarrollador de Bases de datos Oracle"*
- *III Curso de formación en "Advanced Trading"*

Examinadas as propostas que se achegan, os contidos e os prazos, así como as respectivas circunstancias administrativas e académicas, e previo control da Secretaría do Consello Social, a Comisión ACORDA:

- ***Aprobar os seguintes cursos:***

V Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"; V Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"; VI Curso de formación en "Programación Java"; VII Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"; IX Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R""; XVII Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"; Curso de especialista en "Termalismo e Spa"; II Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar"; II Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"; I Curso de formación en "Desarrollador de Bases de datos Oracle"; III Curso de formación en "Advanced Trading".



PUNTO 8

Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:

a) *Con aprobación previa do Presidente:*

- II Curso de especialista en "Biomateriais e tecnoloxías biomédicas"
- I Curso de formación en "Data Mining con "R""
- II Curso de formación en "Mestría en compostaxe"
- IV Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"
- VI Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"
- VI Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"
- VIII Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R""
- XV Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
- II Curso complementario en "Robots colaborativos "universal robots": fundamentos de programación, configuración e xestión dos sistemas de seguridade"
- II Curso de formación en "Advanced Trading"
- IV Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"
- II Curso de formación en "Actualización en literatura española (ALITES 2019). Don Juan Tenorio, de José Zorrilla"
- XVII Curso de formación en "Introdución á bolsa"
- I Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"
- I Curso de formación en "Deseño e fabricación con Catia V5"
- I Curso de formación en "Mediación Civil e Mercantil (Lei 5/2012)"
- VI Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
- IX Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"
- XVI Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"

b) *Sen aprobación previa do Presidente:*

- I Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar"
- VII Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"
- II Curso de formación en "Iniciación a Catia V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM"

Revisadas as memorias e os informes emitidos polos servizos universitarios competentes, e admitidas as explicacións aportadas polos responsables dos cursos recollidos no punto 8b), a Comisión ACORDA:

• Informar favorablemente as seguintes Memorias finais:

8a) II Curso de especialista en "Biomateriais e tecnoloxías biomédicas"; I Curso de formación en "Data Mining con "R""; II Curso de formación en "Mestría en compostaxe"; IV Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"; VI Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"; VI Curso de formación en "Introdución á programación en PYTHON"; VIII Curso de formación en "Control estatístico de calidade con "R""; XV Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"; II Curso complementario en "Robots colaborativos "universal robots": fundamentos de programación, configuración e xestión dos sistemas de seguridade"; II Curso de formación en "Advanced Trading"; IV Curso complementario en "Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"; II Curso de formación en "Actualización en literatura española (ALITES 2019). Don Juan Tenorio, de José Zorrilla"; XVII Curso de formación en "Introdución á bolsa"; I Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"; I Curso de formación en "Deseño e fabricación con Catia V5"; I Curso de formación en "Mediación Civil e Mercantil (Lei 5/2012)"; VI Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"; IX Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"; XVI Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS".



8b) I Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar"; VII Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"; II Curso de formación en "Iniciación a Catia V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM".

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial, para a organización do "Patrón industrial 2020".

Resume o presidente o contido da proposta que se presenta, e subliña o obxectivo de ofrecer unha alternativa responsable, inclusiva e solidaria para conmemorar ao patrón da Escola, máis alá do indesexado macro-botellón habitual cada ano. Conveñen os presentes na bondade da iniciativa.

- ***Apróbase unha axuda de 1.300 €.***

PUNTO 10

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 horas do 13 de marzo de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias